



BANDO DE ALCALDÍA

DEBER DE CONSERVACIÓN DE TERREOS SITUADOS EN SOLO URBANO

Pablo Diego Moreda Gil, alcalde do concello de Cedeira:

FAI SABER:

En virtude do previsto no artigo 135 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, as persoas propietarias de terreos, construcións, edificacións e instalacións deberán conservalas en condicións de seguridade, salubridade e ornato. Esta obriga de manter libres de maleza e residuos, así como nas debidas condicións de hixiene, salubridade, seguridade e ornato público as parcelas situadas en solo urbano, prevese tamén no artigo 27 do Regulamento dos Servizos Municipais de limpeza viaria, recollida e transporte de residuos urbanos e punto limpo do Concello de Cedeira (BOP nº 143 de 23 de xuño de 2006).

As persoas propietarias deberán adoptar as medidas oportunas para adecuarse á normativa establecida, mantendo as parcelas en condicións de salubridade, seguridade e ornato público.

Tendo en conta o previsto no artigo 136 da Lei 2/2016, de non cumprir o indicado esta Administración tramitará as correspondentes ordes de execución, coa imposición, de ser o caso, de multas coercitivas de entre 1.000 e 10.000 €, reiterables trimestralmente.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

En Cedeira, a 10 de maio de 2024

O alcalde

Pablo Diego Moreda Gil